

Orde do 9 de setembro de 2005 pola que se modifica parcialmente a do 27 de xuño de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 12 de xullo) pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Por Orde do 27 de xuño de 2005 establecéronse o número de unidades e postos de traballo docentes

Localidade	Código	Denominación	Unidades			Postos de traballo								
			Inf.	Pri.	Tot.	EI	EP	FI	FF	EM	FF	PT	AL	Tot.
Cervo	27015301	CEIP de Cervo	2	6	8	2	4	1	1	1	1	1	0	11
Lieiro	27013739	EEI Mestre Rivera Casas	2	0	2	2	0	0	0	0	0	0	0	2
Lieiro	27013961	CEIP Galdin	1	6	7	1	4	1	1	1	1	1	0	10

Sen embargo, a resolución da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa do 13 de xullo de 2005, que autorizaba a desafectación do CEIP Mestre Rivera Casas, foi impugnada mediante a interposición de recurso de alzada, entre outros, por diversos pais de alumnos do CEIP Mestre Rivera Casas.

Con data do 6 de setembro de 2005, os recorrentes solicitan a suspensión cautelar da eficacia da resolución da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Nesta orde establecíase que no concello de Cervo o número de unidades e postos de traballo sería o seguinte:

Considerando que a citada resolución do director xeral de Centros e Ordenación Educativa non é firme, e mentres que non se resolvan definitivamente os recursos interpostos, parece aconsellable a modificación parcial da Orde do 27 de xuño de 2005.

Na súa virtude, esta consellería

RESOLVE:

Modificar parcialmente a Orde do 27 de xuño de 2005, determinando que o número de unidades e postos escolares dos centros de educación infantil e primaria do concello de Cervo son os seguintes:

Localidade	Código	Denominación	Unidades			Postos de traballo								
			Inf.	Pri.	Tot.	EI	EP	FI	FF	EM	FF	PT	AL	Tot.
Cervo	27015301	CEIP de Cervo	2	6	8	2	4	1	1	1	1	1	0	11
Lieiro	27013739	EEI Mestre Rivera Casas	2	6	8	2	4	1	1	1	1	1	0	11
Lieiro	27013961	CEIP Galdin	1	6	7	1	4	1	1	1	1	1	0	10

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Resolución do 1 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Turismo, pola que se delega nos delegados provinciais da Consellería de Innovación e Industria o exercicio de determinadas competencias.

Tendo en conta o gran volume da actividade administrativa que a normativa lle atribúe á Dirección Xeral de Turismo, co fin de evitar unha concentración excesiva e lograr unha maior axilidade administrativa que redunde en beneficio tanto da Administración como dos administrados, faise conveniente que, dentro do respecto aos principios informa-

dores da actuación administrativa, e con suxeición á normativa legal vixente, se deleguen nos delegados provinciais da Consellería de Innovación e Industria determinadas competencias.

Na súa virtude, facendo uso das atribucións que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispoño delegar nos delegados provinciais da Consellería de Innovación e Industria o exercicio das seguintes competencias:

-Autorizacións das modificacións de grupo, categoría, capacidade, superficie, modalidade, denominación e calquera outra que modifique as condicións nas que se outorgou a autorización turística dos establecementos hoteleiros.

-Autorizacións das modificacións da categoría, capacidade, superficie, denominación e calquera outra que modifique as condicións nas que se outorgou a autorización turística das cidades de vacacións.

-Autorizacións das modificacións da categoría, capacidade, superficie, denominación e calquera outra que modifique as condicións nas que se outorgou a autorización turística dos apartamentos, bun-